

REGULAMENTO DE PROTECCIÓN AMBIENTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1.º .-Obxecto.

1.-Constitúe o obxecto deste regulamento a defensa do medio natural, das zonas verdes urbanas, das árbores e das especies vexetais existentes nas rúas, nas prazas e nos demais bens que integran o dominio público municipal, entendéndose por zonas verdes urbanas os solos de titularidade pública destinados a parque, xardín ou arboredo, os de propiedade privada que teñan esa finalidade no planeamento urbanístico aplicable e os comprendidos no catálogo municipal de zonas verdes.

Para os efectos deste regulamento tamén se entenden como zona verde os pequenos xardíns situados arredor dos monumentos ou nas illas viarias, as liñas de árbores das beirarrúas e dos paseos e os demais elementos de xardinería da rede viaria ou dos outros bens municipais de uso ou servizo público.

2.-Asemade, este regulamento ten por obxecto a regulación de:

- a) Das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos.
- b) Da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos, do seu transporte ó vertedoiro público e, de se-lo caso, do seu tratamento.
- c) Do mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.
- d) De medidas de protección do medio natural e urbano.

Artigo 2.º .-Catálogo de zonas verdes e espazos naturais.

O catálogo municipal de zonas verdes e de espazos naturais é un rexistro público municipal de carácter administrativo no que se recollerán, á parte das zonas e espazos mencionados no artigo anterior, as formacións e as especies vexetais e arbóreas -calquera que sexa a súa titularidade- que, por reuniren unhas características peculiares de beleza, antigüidade, historia ou rareza merezan seren conservadas.

Artigo 3.º .-Definición.

Teñen a condición de refugallos ou lixos sólidos urbanos calquera substancia ou obxecto do que o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou a obriga de desprenderse. Poden ser das seguintes clases:

- a) Residuos de orixe doméstica.

- b) Residuos serrados en comercios, oficinas e servicios.
- c) Residuos procedentes da limpeza viaria, de zonas verdes, de áreas recreativas e de praias.
- d) Residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festas, acampadas e outras actividades semellantes.
- e) Animais mortos; mobles, utensilios e automóbiles desbotados; e entullos de construcións e de obras menores de reparación domiciliaria.

Capítulo II. Creación de novas zonas verdes

Artigo 4.º .

A localización das zonas verdes urbanas axustarase ó que dispoñen as normas de planeamento e deseñarase consonte as regras sobre normalización de elementos constructivos.

Artigo 5.º .

O tratamento das zonas verdes aterase ás seguintes regras:

- a) Manteranse os elementos naturais, tales como a vexetación orixinaria, os cursos de auga ou as brañas, a configuración topográfica do terreo e calquera outro elemento que se axeite ás características ecolóxicas do lugar.
- b) Utilizaranse especies vexetais que sexan propias do contorno e compatibles coa tradición e co clima do país.
- c) As plantas deberanse atopar en bo estado sanitario e o tamaño deberá se-lo axeitado para o seu desenvolvemento óptimo.
- d) Cando as árbores estean preto das edificacións, elixiranse especies que polo seu tamaño ou volume non orixinen unha perda de iluminación ou soamente dos edificios nin causen danos nos solos ou infraestructuras.

Capítulo III. Conservación de zonas verdes

Artigo 6.º .

Os titulares de zonas verdes e de formacións ou especies vexetais e arbóreas recollidas no catálogo municipal están obrigados a mantelas en bo estado de conservación. Non poderán modificalas ou suprimilas sen a correspondente autorización municipal.

Artigo 7.º .

As zonas verdes públicas e privadas e as formacións vexetais catalogadas deberanse atopar sempre en boas condicións estéticas e de limpeza, e libres de silvas e batumada que poidan ser orixe de lume ou infección.

Artigo 8.º .

1.-Os donos de zonas verdes e de formacións vexetais incluídas no catálogo municipal están obrigados a:

a) Realizaren as podas imprescindibles para que as árbores e plantas non sufran deterioración do vigor vexetativo ou aumento de vulnerabilidade ás pragas e enfermidades, e para evita-lo perigo de caída de pólas secas.

b) Daránlle-los tratamentos fito-sanitarios preventivos necesarios para evitar pragas e enfermidades.

c) Daránlle-los correspondentes tratamentos fito-sanitarios no caso de que se produza unha praga ou enfermidade e, se é preciso, arrinca-las plantacións afectadas de xeito inmediato para evita-la propagación da enfermidade.

2.-O Concello requirirá ós interesados para que no prazo máximo de dez días realicen as operacións anteriores que procedan e advertiralles que de non cumpriren a orde voluntariamente será a propia corporación que, de oficio, executará as devanditas operacións con cargo ó obrigado.

Artigo 9.º .

Os titulares de inmobles e de establecementos que dispoñan nas súas instalacións de calquera tipo de plantacións están obrigados a mantelas en bo estado de conservación.

Artigo 10.º .

As redes de servizos, eléctricas, telefónicas, de sumidoiros ou de distribución de auga, etc., que teñan que atravesas-las zonas verdes deberán facelo de forma subterránea.

Artigo 11.º .

1.-Se con ocasión dunha obra pública ou privada, ou de calquera outra actividade humana, se destrúe ou morre unha árbore, a persoa ou a entidade responsable deberá indemniza-lo valor do dano causado.

2.-Cando o titular da árbore morta ou danada sexa o propio Concello ou cando se trate de especies ou formacións vexetais incluídas no catálogo municipal, o titular deberá repoñe-los vexetais estragados ou desaparecidos.

Artigo 12.º .

Os donos de inmobles que linden coa vía pública e teñan árbores ou vexetais no seu interior están obrigados a mantelos de xeito que non atranquen a utilización das rúas e camiños nin impidan a visibilidade e a iluminación en encrucilladas, interseccións e pasos.

Capítulo IV. O uso das zonas verdes

Artigo 13.º .

Con carácter xeral nas zonas verdes públicas está prohibido:

- a) Manipular sen autorización legal calquera clase de árbores e plantas.
- b) Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.
- c) Pisa-lo céspede de carácter ornamental, ou xogar ou repousar sobre el.
- d) Cortar pólas ou flores das árbores e plantas, cravarlles puntas ou utilízalas como soporte para carteis de publicidade ou para calquera instalación.
- e) Botar lixos, refugallos, cascallos, plásticos, papeis ou calquera outro elemento ou substancia que poida dana-las plantacións.
- f) Prender lume, a non ser nos lugares que estean expresamente adaptados e autorizados para esa finalidade.

Artigo 14.º .

Como norma xeral non se permitirá pór tendas nin automóbiles de acampada nas zonas verdes, agás nos lugares especialmente destinados para tal efecto.

Artigo 15.º .

Tampouco se poderá pór carteis ou realizar calquera tipo de actividades publicitarias nas zonas verdes catalogadas. No resto delas soamente se autorizarán elementos publicitarios que estean homologados polo Concello.

Artigo 16.º .

O acceso e circulación de automóbiles nas zonas verdes será regulado de forma específica para cada unha delas mediante a correspondente sinalización. Con carácter xeral soamente se autorizará por vías deseñadas concretamente para esa finalidade.

Artigo 17.º .

1.-A realización de xogos e a práctica de deportes nas zonas verdes deberanse desenvolver de xeito que non perturben as características ambientais de acougo e tranquilidade que lles son

propias e que non poñan en perigo a integridade das árbores e plantacións nin a seguridade das persoas.

2.-Por esa razón, os xogos e deportes soamente se poderán realizar en áreas especialmente acoutadas cando poidan causar molestias ás persoas, deterioracións nas plantas e árbores ou danos no mobiliario público. Especialmente fican prohibidas toda caste de carreiras ou competicións de vehículos a motor.

Artigo 18.º .

1.-O mobiliario urbano e os aparellos para xogos infantís das zonas verdes deberán ser utilizados adecuadamente e conforme á súa finalidade. A persoa que os faga obxecto dun uso ou manipulación inapropiados deberá indemniza-los danos e perdas causados, sen prexuízo das responsabilidades administrativas ou penais que sexan procedentes.

2.-Os aparellos para xogos infantís soamente poderán ser utilizados por nenos de idades comprendidas nos sinais indicadores. Están excluídas en todo caso as persoas adultas e os maiores de 16 anos.

Capítulo V. Da protección do medio natural forestal

Artigo 19.º .

1.-Os titulares dos terreos agrícolas e forestais deberán mantelos en condicións de limpeza e hixiene adecuadas á súa natureza, e libres de silvas, mato e batumada que poidan se-la orixe ou facilita-la propagación de incendios. Esa obriga deberá ser especialmente observada ó chega-la época de máximo perigo de lume forestal sinalada pola Consellería de Medio Ambiente.

2.-O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución dos traballos necesarios para repor ou conserva-las condicións de limpeza citadas co sinalamento dun prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio Concello a cargo do obrigado.

Artigo 20.º .

O incumprimento do deber regulado no artigo anterior comportará a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable e sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incorre-lo responsable no caso de que chegue a declararse o lume.

Artigo 21.º .

En terreos forestais e agrícolas está prohibido botar:

a) Mistos prendidos ou cigarros sen apagar.

b) Lixos, cristais, restos industriais ou calquera clase de obxecto que comporte perigo de lume forestal.

c) Foguetes, globos ou calquera outro trebello que conteña lume ou poida orixinalo, a non ser nas festas locais e sempre coas debidas precaucións e con autorización municipal e comunicación ó servizo de defensa contra incendios forestais. Da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 22.º .

1.-Na época de máximo perigo de lume forestal declarada pola Consellería competente, está prohibido prender lume ó aire libre en calquera clase de terreos forestais ou agrícolas.

2.-Os excursionistas e grupos de acampadas soamente poderán facer lume nas lareiras preparadas para esa finalidade ou en lugares sen risco de propagación. Neste caso adoptarán as máximas precaucións e farán sempre a fogueira no centro dun círculo de 5,00 m de radio espido de vexetación. Asegurarase da total extinción do lume denantes de abandona-lo lugar.

Artigo 23.º .

1.-Fóra da época de máximo perigo, para a utilización do lume en traballos agrícolas e forestais será de cumprimento obrigatorio:

a) A comunicación previa ó servizo de defensa contra incendios forestais, coa antelación mínima dun día, cando se trate de residuos agrícolas amoreados.

b) A autorización previa do servizo de defensa contra incendios forestais, que se solicitará coa antelación mínima de dous días, cando se trate de calquera outro tipo de queima, tales como residuos forestais, queimas controladas de mato ou pastos, etc.

2.-As queimas autorizadas deberanse facer sempre con suxeición ás normas dictadas polo Servizo de defensa contra incendios forestais, e en concreto:

a) O lume non se poderá iniciar antes de saí-lo sol e deberá quedar totalmente extinguido dúas horas do solpor.

b) Denantes do inicio do lume farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de alomenos 5,00 m de ancho arredor do perímetro no que se vai queimar.

c) Non se poden facer queimas en días de vento, e se este se levantase trala iniciación da queima suspenderase inmediatamente a operación.

d) Non se pode deixa-la vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se rexistrasen lapas ou brasas.

e) Deberase contar con persoal e material abondo para o seu debido control.

Artigo 24.º .

1.-Calquera persoa que advirta a existencia ou a iniciación dun lume forestal está obrigada a intentar apagalo coa máxima rapidez se as condicións o permiten e, en todo caso, a informa-lo máis lixeiro posible ós axentes da autoridade máis próximos.

2.-As persoas que requiridas para iso pola autoridade competente ou polos seus axentes se neguen ou resistan sen causa xustificada a colaborar con eles na extinción dun lume forestal serán denunciadas e sancionadas de conformidade co que dispón a Lei.

Artigo 25.º .

1.-Se con motivo dos traballos de extinción de lumes forestais fose preciso, a criterio da autoridade que os dirixa, entrar en terreos forestais e agrícolas ou utiliza-los camiños existentes e realizar neles traballos, como por exemplo, abrir devasas de urxencia ou anticipa-la queima, mediante contra-lumes, de determinadas áreas que se xulgue que van a ser consumidas polo incendio, poderanse facer todas esas operacións aínda cando non se poida contar coa autorización dos donos dos terreos. Nestes casos informarase o máis axiña posible á autoridade xudicial para os efectos legais procedentes.

2.-Tamén se poderán utiliza-las augas públicas e privadas nas cantidades que sexan precisas para a extinción do lume, aínda que neste último caso se opoña o seu titular.

Artigo 26.º .

Será necesaria a licenza municipal, sen prexuízo das outras autorizacións administrativas que fosen procedentes de conformidade coa lexislación específica aplicable, para a realización da corta de árbores ou especies que estean integradas en masas e espazos boscosos, arbóreos e parques.

Capítulo VI. Da protección dos espazos naturais

Artigo 27.º .

1.-Clasificaranse como espazos naturais os terreos que polos seus valores ambientais, ecolóxicos, biolóxicos, botánicos, paisaxísticos, científicos, educativos ou recreativos se deban preservar, tales como:

a) Os montes, lagoas, illotes, xunqueiras, marismas, praias e esteiros que se relacionen nas Normas Subsidiarias de Planeamento da provincia da Coruña e no Planeamento municipal.

b) Os terreos ós que lles sexa aplicable a lexislación de protección sectorial de augas, costas e conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre.

c) Os espazos naturais protexidos que se inscriban no rexistro xeral de espazos naturais da Xunta de Galicia, e en especial os terreos comprendidos no programa da Unión Europea Rede Natura 2000.

2.-Quedan excluídos das áreas mencionadas no apartado anterior os núcleos de poboación delimitados conforme coa lexislación sectorial aplicable e co planeamento urbanístico municipal.

Artigo 28.º .

A utilización do solo nos espazos naturais axustarase ó que dispoña a lexislación sectorial e a normativa urbanística aplicable. Como norma xeral, a explotación racional de recursos agrícolas, forestais e gandeiros vinculados ó medio estará orientada ó mantemento do potencial biolóxico e da capacidade productiva con pleno respecto ó ecosistema do contorno.

Artigo 28 bis).

Nas praias do Concello rexerán as normas de uso e prohibicións sinalados nos capítulos IV e VI deste regulamento, estando prohibido asemade:

- a) A navegación e estacionamento de embarcacións nas zonas acoutadas polo Concello para o baño, incluíndo o uso de táboas de "surf", "windsurf" e aparellos análogos.
- b) O tránsito e estadía de calquera caste de animal doméstico ou salvaxe en cativeiro no ámbito das praias e masas forestais colindantes.

Capítulo VII. Limpeza pública e recollida de lixo

Artigo 29.º .-Definición.

Teñen a condición de refugallo ou lixo sólido urbano calquera substancia, obxecto do que o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou a obriga de desprenderse. Poden ser das seguintes clases:

- a) Residuos de orixe doméstica.
- b) Residuos xerados en comercios, oficinas e servizos.
- a) Residuos procedentes da limpeza viaria, de zonas verdes, de áreas recreativas e de praias.
- d) Residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festas, acampadas e outras actividades semellantes.
- e) Animais mortos; mobles, utensilios e automóbiles desbotados; e entullos de construcións e de obras menores de reparación domiciliaria.

Artigo 30.º .-Limpeza de vías e espazos públicos.

A limpeza da rede viaria e dos espazos públicos e a recollida do lixo que se orixine neles realizaraas o Concello directamente ou, se procede, a través das empresas xestoras deses servizos públicos.

Artigo 31.º .-Limpeza de inmobles e espazos privados.

1.-A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular corresponderalles ós seus donos.

2.-Os titulares e os ocupantes dos inmobles urbanos deberán manter sempre limpos os patios de luces, os de cuarteiróns e as outras áreas comúns.

Artigo 32.º .-Prohibicións.

1.-Está totalmente prohibido:

- a) Botar ó chan das vías e dos espazos públicos calquera clase de lixo.
- b) Botar ás beirarrúas e calzadas calquera clase de refugallo ou líquido procedente da limpeza de locais e vivendas.
- c) Botar nas papeleiras líquidos ou lixos sólidos que pola súa natureza e dimensións sexan inadecuados para aqueles recipientes.
- d) Pór en colectores destinados á recollida selectiva materiais ou lixos distintos dos previstos.
- e) Fedellar nos colectores e papeleiras ou manipularlos, ou realizar calquera acto que supoña o seu estrago ou deterioración.

2.-Sen prexuízo das penas ou sancións que procedan, os que causen danos nas papeleiras e colectores públicos deberán indemnizarllos ó Concello. A indemnización será determinada e esixida por vía administrativa.

Artigo 33.º .-Prohibicións.

Tamén está prohibido realiza-las seguintes actividades:

- a) Lavar, limpar e amañar automóbiles, e cambiarlle o aceite e outros líquidos nas vías e espazos públicos.
- b) Sacudir alfombras, esteiras ou calquera outro elemento na vía pública ou desde unha fiestra, balcón ou terraza que dea sobre ela.
- c) Pór tendedeiras ou tendais de roupa nos ocos das fachadas exteriores dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.
- d) Pór tarros de plantas ou outros elementos nos ocos dos edificios con risco de caída sobre a vía pública.

Artigo 34.º .-Limitacións da publicidade na vía pública e nos equipamentos públicos.

1.-Non está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten o repartimento ou lanzamento de carteis, follas ou calquera outro elemento impreso nas vías e espazos públicos.

2.-Tampouco está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten pegar, prender ou pendurar carteis, facer pintadas e pór folletos nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario e no equipamento urbanos (por exemplo, en farois, bancos e marquesiñas).

3.-Serán responsables da infracción das normas contidas nos dous apartados anteriores os que promovan ou xestionen aqueles actos, e, na falta deles, as persoas ou entidades a prol das que se faga a publicidade.

4.-Exceptúanse das disposicións contidas nos apartados 1 e 2 anteriores:

a) Os actos que constitúan propaganda electoral nos períodos e nos lugares sinalados conforme á lei.

b) Aqueloutras actividades que polo seu especial relevo político ou polo interese público e xeral implicado requiran a realización daquelas formas de publicidade. Nestes casos será necesaria a autorización expresa do Concello.

Artigo 35.º .-Obrigas dos titulares de establecementos.

1.-Os establecementos permanentes ou de tempada, os ocasionais e os desmontables situados en vías ou espazos públicos están obrigados a manter sempre limpo o lugar no que desenvolvan as súas actividades e mailo seu contorno.

2.-Esa obriga tamén lles incumbe ós titulares de cafés, bares e outros establecementos públicos en canto á superficie da vía ou espazo público que ocupen con mesas, cadeiras e outros elementos, así como en canto á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

3.-Os titulares de establecementos nos que se desenvolvan actividades que polas súas características orixinen papeis, impresos, plásticos, envolturas ou refugallos semellantes (como librerías, quioscos, tendas de alimentación, farmacias, etc.) porán papeleiras ou recipientes para o lixo nun lugar destacado dos seus locais coa finalidade de que os usuarios destes non os boten á vía pública.

Artigo 36.º .-Carga e descarga de automóviles.

1.-Cando se fagan operacións de carga e descarga de calquera automóbil que estea situado nunha vía ou espazo público, os interesados deberán limpa-las beirarrúas e calzadas que lixen como consecuencia deses traballos.

2.-Están obrigados ó cumprimento do que dispón o apartado anterior os donos dos automóviles; as persoas que fagan os traballos de transporte, carga e descarga; e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou inmobles implicados nas operacións sinaladas.

Artigo 37.º .-Circulación de automóviles.

1.-Os titulares e conductores de automóbiles que leven calquera clase de materiais que pola súa natureza poidan verterse, caer ou espallarse sobre a vía pública están obrigados a toma-las medidas necesarias para evitalo e, se é o caso, a recolle-los materiais que se desprendan e a limpa-la área afectada.

2.-Cando os automóbiles de transporte saian de lugares en obras e vaian circular por vías urbanas, deberán limpa-las todas e baixos para que non lixen as rúas.

Artigo 38.º .-Obrigas dos posuidores de animais.

As persoas que leven cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, á parte de mantelos atados, deben impedir que lixen os xardíns e lugares destinados ó tránsito; de se da-lo caso, deben recoller de xeito inmediato os restos que deixen.

Capítulo VIII. Limpeza de terreos e edificios

Artigo 39.º .-Obrigas dos donos de terreos e inmobles particulares.

1.-Os donos de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos sempre limpos e en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.

2.-O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio Concello e a cargo do obrigado.

3.-O incumprimento do deber regulado neste artigo suporá a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable.

Artigo 40.º .-Limpeza de elementos lindeiros coa vía pública.

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou calquera outro elemento dun inmovle lindeiro coa rúa, deberanse adopta-las precaucións necesarias para non molesta-los usuarios da vía pública nin lixar esta.

Artigo 41.º .-Limitacións en materia de publicidade.

Coa finalidade de preserva-lo medio natural e urbano en boas condicións estéticas, está prohibido pór publicidade que sexa visible desde as zonas de dominio público das estradas e camiños, a non ser nos treitos urbanos. Neste último caso, a publicidade instalarse con suxeición á normativa municipal aplicable.

Capítulo IX. Recollida de lixo

Artigo 42.º .-Servicio de titularidade municipal.

1.-O Concello, directamente ou a través da empresa xestora do servizo, realizará a recollida e o transporte de lixos sólidos domiciliarios e semellantes cos itinerarios, frecuencia e horarios que se determinen, ós que se lles dará publicidade para o seu coñecemento polos veciños, especialmente cando se produzan modificacións.

2.-Ningunha persoa física ou xurídica se poderá dedicar á recollida, transporte e aproveitamento de lixos sólidos sen a concesión ou autorización previa do Concello, sen prexuízo no seu caso dos dereitos recoñecidos pola lexislación autonómica ós xestores autorizados de residuos sólidos urbanos.

Artigo 43.º .-Disposición do lixo para a súa recollida.

1.-Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos deberán dispoñer para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o Concello en atención á natureza dos refugallo, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.

2.-O Concello adquirirá a propiedade do lixo desde a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma da prestación do servizo.

3.-Nas áreas, lugares ou barrios onde a recollida se faga mediante colectores de titularidade municipal, os usuarios están obrigados a usalos con coidado e a mantelos en adecuadas condicións de hixiene, e son responsables da deterioración que lles causen pola súa culpa ou negligencia. Todo iso sen prexuízo da limpeza e desinfección periódica deles, que realizarán os servizos municipais.

4.-Os usuarios deberán dispoñer sempre do lixo mediante bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos, mesmo cando utilicen os colectores.

Artigo 44.º .-Obriga de adquisición e uso de colector normalizado.

O Concello, por medio dunha norma regulamentaria ou de resolución da Alcaldía, poderá obrigar ós establecementos comerciais ou industriais e ás comunidades de propietarios que reúnan determinadas características a adquiriren e a utilizaren colectores normalizados para o depósito do seu lixo.

Artigo 45.º .-Danos e perdas derivados do lixo.

Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos e perdas que se poidan derivar deles, sempre que cumpran as normas reguladoras do seu depósito e entrega.

Artigo 46.º .-Lixos tóxicos e perigosos.

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixiráselle ó produtor deles que lles dea o tratamento segundo normativa especial aplicable a esa clase de refugallos.

Artigo 47.º .-Depósito e recollida selectiva do lixo.

1.-O Concello poderá dispor que en todo o territorio municipal, ou en parte del, se depositen por separado en recipientes especiais os lixos susceptibles de distintos tratamentos ou aproveitamentos, como cartóns, latas, vidro, metais, plásticos.

2.-O Concello programará campañas de concienciación cidadá coa finalidade de responsabilizar ós veciños sobre o impacto ecolóxico do consumo, produción e tratamento de lixos.

Artigo 48.º .-Horario e condicións de depósito de lixo.

1.-A colocación de recipientes na vía pública ou o depósito nos colectores non se poderá facer fóra do horario sinalado polo órgano competente do Concello.

2.-Os colectores de lixo particulares deberanse pór onda o edificio ou local que os use co obxecto de evitarlles prexuízos e molestias ós outros veciños.

3.-Nos lugares e rúas ós que non poidan acceder-los automóbiles de recollida, os usuarios deberán leva-los recipientes ós sitios máis próximos a onde cheguen os citados vehículos, que lles serán sinalados polos servicios municipais.

4.-Os usuarios do servicio deberán retirar-los recipientes baldeiros da vía pública no prazo de media hora desde que se recolleu o lixo, se é de día; e se é de noite, antes das oito horas do día seguinte.

Artigo 49.º .-Lixos extraordinarios.

Se algún usuario ten que dispor, de forma extraordinaria, dunha cantidade de lixo superior á que constitúe a produción normal e cotiá do seu domicilio ou establecemento, non poderá utiliza-lo servicio municipal ordinario e deberá transportalo pola súa conta.

Capítulo X. Lixos especiais.

Artigo 50.º .-Definición de lixos industriais.

Terán a consideración de lixos especiais os que polas súas características non sexan inertes ou semellantes ós lixos urbanos e, en xeral, os que supoñan un risco potencial para a saúde pública e o medio natural.

Artigo 51.º .-Obrigas dos produtores e posuidores de lixos industriais.

Os produtores ou posuidores de lixos industriais especiais están obrigados a adoptaren as medidas precisas para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación e, se é o caso, aproveitamento deles se faga sen risco para as persoas e o medio natural.

Artigo 52.º .-Xestión de lixos industriais.

A xestión dos lixos de orixe industrial que teñan a consideración legal de tóxicos ou perigosos deberase facer a través dunha empresa debidamente autorizada e de conformidade coa lexislación estatal e autonómica que sexa de aplicación.

Artigo 53.º .-Cascallos e entullos extraordinarios.

1.-Prohíbese pór nos recipientes normalizados destinados a lixos domiciliarios os cascallos ou entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias en cantidade superior a 0,1 m³.

2.-Tampouco se poderán pór nas vías e espazos públicos os entullos de calquera clase de obras de construción, reforma, amaño ou derrubamento de edificios ou movementos de terras.

Artigo 54.º .-Recollida de mobles e electrodomésticos.

1.-Non se poden pór nas vías e espazos públicos ningunha clase de mobles, electrodomésticos ou obxectos semellantes.

2.-As persoas que desexen que llelos recollan deberán solicitalo ó servizo municipal correspondente, que lles sinalará o día e hora para a súa retirada.

Artigo 55.º .-Recollida de animais mortos.

1.-Está prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos ou vías públicas.

2.-As persoas que desexen desfacerse deles deberán solicitalo ó servizo municipal correspondente, que lles sinalará o día e hora da súa recollida.

Artigo 56.º .-Automóbiles abandonados.

1.-Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de automóbiles, ou restos deles.

2.-Enténdense como abandonados os automóbiles, ou as partes deles, situados en vías ou espazos públicos que non son aptos para circular e que presentan signos evidentes de deterioración, carecen de placas de identificación ou permanecen durante longos períodos de tempo en idéntica situación.

3.-Os servizos municipais retirarán os automóbiles, ou restos deles, que incumpran esta disposición, previo requirimento ó seu dono, se é coñecido, e por conta do obrigado.

Capítulo XI. Dereito sancionador.

Artigo 57.º .-Acción pública.

Calquera persoa poderá denunciar ante o Concello as infraccións contra o presente regulamento e as disposicións específicas sobre a materia.

Artigo 58.º .-Responsabilidade colectiva e por actos doutra persoa.

As responsabilidades derivadas do incumprimento das disposicións contidas no presente regulamento serán esixibles non soamente por actos propios, senón tamén polos daquelas persoas das que se deba responder.

Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade seralle atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible de que se trate.

Artigo 59.º .-Definición e clases de infraccións administrativas.

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñen as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 60.º .-Procedemento sancionador.

1.-Para impor unha sanción derivada de infracción moi grave ou grave deberase tramita-lo expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e a súa normativa complementaria.

2.-A sanción de faltas leves tamén se imporá de acordo coa normativa sinalada no parágrafo anterior e tramitarase un procedemento abreviado no que se lle dará, en todo caso, audiencia ó interesado.

Artigo 61.º .-Clasificación das infraccións.

A comisión dunha infracción será clasificada no correspondente expediente instruído para tal efecto, tendo en conta a intencionalidade, a importancia, os danos causados e a reparabilidade do dano causado.

Artigo 62.º .-Sancións.

As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento e multa de ata 15.000 pesetas (90,15 euros); as graves, con multa de 15.001 pesetas (90,15 euros) a 30.000 pesetas (180,30 euros); e as moi graves, con multa de 30.001 a 50.000 pesetas (180,30 a 300,50 euros).

Disposición derradeira.

Este regulamento entrará en vigor ós quince días hábiles da súa derradeira publicación no BOP da Coruña.